

RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR POLA QUE SE ACORDA A TRAMITACIÓN URGENTE DO PROCESO EXTRAORDINARIO DE BAREMACIÓN DO MES DE SETEMBRO E SE ESTABLECE O PRAZO DE SUBSANACIÓN, RECLAMACIÓNS E MATRÍCULA, NAS ESCOLAS INFANTÍS DE GALICIA

De conformidade co previsto no artigo 20 do Regulamento de organización e funcionamento das Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: << As novas solicitudes presentadas nos prazos extraordinarios dos meses de setembro e decembro serán tramitadas e baremadas polo Consello Escolar para a súa inclusión na listaxe da agarda na próxima baremación que realice ou para a súa incorporación á escola de non existir listaxe de agarda.>>

A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común establece o procedemento de tramitación de urgencia cando concorran razóns de interese público que aconsellen a súa adopción.

Para que a incorporación á escola daquelas crianzas que sexan baremadas neste proceso extraordinario non se alongue no tempo con respecto ao resto das crianzas usuarias que xa iniciaron o curso e se garanta así o correcto período de adaptación e o inicio das actividades cotiás da escola con normalidade, a tramitación do dito proceso realizarase polo trámite de urgencia.

En consecuencia, unha vez rematado o prazo de recepción de solicitudes o día 31 de agosto de 2016 e de conformidade co previsto anteriormente, RESOLVO:

1. A tramitación urgente do proceso de baremación extraordinario do mes de setembro de 2016 das Escolas Infantís de Galicia, xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
2. Establecer os seguintes prazos para o proceso extraordinario de admisión de crianzas usuarias do mes de setembro:
 - a. Prazo de emenda de solicitudes: do 1 ao 9 de setembro ambos os dous incluídos.
 - b. Publicación das listas provisionais de persoas admitidas e de agarda: 20 de setembro.
 - c. Prazo de reclamacións: do 21 ao 30 de setembro ambos os dous incluídos.
 - d. Publicación das listas definitivas de persoas admitidas, de agarda e excluídas: 10 de outubro.
 - e. Prazo de matrícula: do 11 ao 14 de outubro ambos os dous incluídos.
 - f. Incorporación á escola das crianzas matriculadas: 17 de outubro de 2016.
3. Publicar a presente resolución na web do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e nos taboleiros de anuncios das escolas infantís.

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2016

O Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar



Perfecto Rodríguez Muíños